

Mulleres na historia

***Colectivo 8 de Marzo
IES A Pontepedriña
Santiago de Compostela***

Colectivo 8 de Marzo ***IES A Pontepedriña***

María Búa González

Mariló Lagarón Ron

Susana da Conceição Bahamonde

Cristina López Nodar

M^a Carmen Fandiño Suárez

Emilio Otero Puga

Pilar González Borrajo

Cristina Quintáns Ruído

Martin Guitián Bescansa

Nuria Rodríguez Caloca

Alfredo Iglesias Diéguez

Gloria Rodríguez Leal

Ariana Keshavarz-Manesh Mecías

Luís Sinde Pazos

Yvette Maissa Rodrigo

Marcos Taracido Trunk

As precursoras



Mulleres participando na marcha sobre Versalles (5-10-1789)


As mulleres foron protagonistas principais da vaga revolucionaria que percorreu Francia de 1789 a 1795, participando na toma da Bastilla, na marcha sobre Versalles, no asalto ao pazo das Tullerías e nas revoltas urbanas de 1795.

Nese contexto de loita, mulleres como Lacombe, Léon, Chabry, Audon, Mericourt e, sobre todo, **Olympe de Gouges**, reclamaron para a muller os mesmos dereitos políticos que a Asemblea recoñecía só aos homes.

Non obstante, a figura máis senlleira dese momento foi **Mary Wollstonecraft**, quen elaborou unha teoría radicalmente democrática e igualitarista fronte ao discurso masculino-burgués de Rousseau.

Olimpia de Gouges (1748 - 1793)

Prolífica escritora e política, os seus traballos foron profundamente feministas e revolucionarios. Defendeu a igualdade entre o home e a muller en todos os aspectos da vida pública e privada, incluíndo a igualdade co home no dereito ao voto, no acceso ao traballo, a falar en público de temas políticos, a acceder á vida política, a posuír e controlar propiedades, a formar parte do exército, á igualdade fiscal así como o dereito á educación e á igualdade de poder no ámbito familiar e eclesiástico.



Redactou a *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá* en 1791, na que reclama para a muller os mesmos dereitos que a *Declaración dos Dereitos do home e do Cidadán* recoñecía exclusivamente para o home en 1789, sinalando ademais que *“a ignorancia, o esquecemento e o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas dos males públicos e da corrupción dos gobernos”*.

Olimpia denunciaba que a revolución francesa esquecera ás mulleres no seu proxecto igualitario e liberador. Foi executada en 1793.

Mary Wollstonecraft (1759 - 1797)



Escritora inglesa e unha das iniciadoras do pensamento feminista. As primeiras feministas pensaban que unha mesma educación para homes e mulleres daría lugar á igualdade entre ambos sexos, pero Wollstonecraft foi máis alá, pedindo que as leis do Estado se empreguasen para terminar coa tradición de subordinación feminina, e fose o Estado quen garantise un sistema nacional de ensino primario gratuito universal para ambos sexos.

Aceptaba as opinións de Rousseau sobre a educación dos rapaces, pero parecíanlle deplorables e empobrecedoras para as mozas as súas opinións sobre elas. Segundo Rousseau, a educación debía preparalas para realizar correctamente o seu futuro papel de esposas. Segundo Wollstonecraft, o obxectivo da educación “é conseguir carácter como ser humano, independentemente do sexo ao que se pertenza”.

Ao crer que o Estado debía reformar o matrimonio e a educación e que as leis debían acabar coa subordinación das mulleres e que estas non debían ser excluídas da vida política, Mary Wollstonecraft inicia unha nova era no discurso feminista.

A represión romántica

Defensoras da igualdade e a liberdade, as mulleres tomaron partido en contra da escravitude dende o primeiro momento. Ese foi o caso das **irmás Grimké**, que procedían dunha familia escravista, **Amelia Bloomer** e, sobre todo, **Sojourner Truth**, nacida escrava.



Escravas nunha plantación dos EEUU



As traballadoras do liño, de Max Lieberman (1898)

Traballadoras infatigables, as mulleres tamén loitaron polos seus dereitos laborais, velaí está a tarefa realizada por **Flora Tristán** a prol da unidade na loita pola emancipación da clase traballadora ou por **Louise Michel** na Comuna de París de 1871.

As mulleres participaron, ademais, nas principais vagas revolucionarias que percorreron Europa nos primeiros anos do século XIX, como **Mariana Pineda** na revolución española de 1820 ou **Louise Otto Peters** na alemana de 1848.

Sojourner Truth (1797 - 1883)



Activista da abolición da escravitude e defensora dos dereitos da muller, naceu escrava no estado de Nova York. Seus discursos simbolizaban a solidariedade das mulleres negras coa nova causa. A súa aspiración era a liberdade, non só da opresión racista, senón tamén da dominación sexista. Firme partidaria do sufraxio feminino, converteuse en símbolo nacional das mulleres de raza negra.

O seu discurso "*Acaso non son unha muller?*", pronunciado na Convención de 1851 dos Dereitos da Muller en Akron, Ohio, converteuse nun texto clásico da literatura feminista. Sendo a única muller negra asistente, conseguiu o que ningunha das súas irmás brancas foi capaz de facer. Ao repetir a súa pregunta "*Acaso non son unha muller?*", nada menos que en catro ocasións, expoñía os prexuízos da clase e o racismo que impregnaban ao novo movemento de mulleres. Non todas as mulleres eran brancas e non todas as mulleres gozaban do benestar material das clases medias e da burguesía. Ela mesma era negra, ex escrava, pero non era menos muller que calquera das súas irmás brancas.

Angelina Grimké (1805 - 1879)

Sarah Grimké (1792 - 1873)

Procedentes dunha familia propietaria de escravos, comezaron a moverse nos círculos abolicionistas, dirixíndose a concorridas audiencias nos actos organizados polas sociedades antiescravistas. Foron as primeiras en conquistar o dereito a falar en público, en organizar campañas de recolleita de sinaturas e, en recibir as



críticas por pasar os límites da actuación que as mulleres de comezos do século XIX tiñan fixados. Déronse conta de que pouco podían facer polos escravos e escravas, se elas mesmas non eran capaces de librarse do xugo ao que estaban sometidas. En palabras da propia Angelina: *“Que pode, entón, facer a muller polo escravo, cando ela mesma se atopa baixo os pes do home e condenada ao silencio?”*. Denunciaron o esquecemento no que estaban as mulleres negras e durante a preparación da convención da *Sociedade Nacional Antiescravista Feminina*, Angelina tivo que tomar a iniciativa para garantir algo máis que unha presenza simbólica destas. Propuxo que se pronunciase un discurso especial na convención dirixido ás persoas negras libres do Norte, e foi Sarah quen tivo que pronuncialo.

Flora Tristán (1803 - 1844)

Nada en París, é filla ilexítima dun coronel peruano e dunha francesa. Cando tiña catro anos morre o seu pai e, ao non ser recoñecida pola familia deste, queda na máis absoluta miseria.

Iníciase no traballo moi nova nun obradoiro de litografía, e casa co propietario ao pouco. Abandona o seu home tras sufrir malos tratos. Volverá a Francia en 1829 despois **de vinte** anos na clandestinidade. Segundo ela, baixo a institución do matrimonio se agocharía a compra da muller por parte do home, e a súa conversión en escrava.

En 1835, logo de seis meses de viaxe, desembarca en Perú para reclamar a súa herdanza. Nunca lle recoñecerán os seus dereitos.

Cando regresa a París é unha muller nova. No seu libro *Peregrinacións dunha paria* (1833) defenderá a emancipación da muller, e na obra *A Unión Obreira* (1843) analizará as formas de organización da clase traballadora de cara á súa liberación, vinculando a liberación das mulleres coa do proletariado.



Louise Michel (1830 – 1905)



Filla dun fidalgo e da súa sirventa, recibiu unha boa instrución académica, polo que axiña estableceu unha escola libre na que ensinaba de acordo cos principios republicanos, razón pola que tivo problemas coas autoridades.

Instalada en París, dende 1869 foi a secretaria da Sociedade Democrática de Moralización, que tiña por obxectivo instruír e axudar ao proletariado.

Durante o período da Comuna de París (1871), animou o Club da Revolución e participou na defensa da cidade fronte aos contrarrevolucionarios, razón pola que foi deportada a Nova Caledonia.

De regreso a Francia en 1880, foi calurosamente acollida polos sectores máis marxidados da sociedade francesa, dos que se puxo á fronte, participando xa dun ideario anarquista, polo que morreu convertida nunha figura lendaria do movemento obreiro internacional.

É autora de varias novelas, entre as que cómpre salientar *A Comuna* (1898).

Louise Otto Peters (1819 - 1895)



Escritora e feminista alemá, empregou as súas novelas para criticar o papel que a muller tiña na sociedade do seu país. Como activista participou na revolución de 1848 demandando melloras na educación e na situación económica das mulleres. Como periodista editou a revista revolucionaria *O periódico das mulleres*, publicación feminista de longa duración (1849 - 1853), que o goberno obrigou a pechar.

En 1865, fundou a primeira organización alemá feminista, a *Asociación Xeral de Mulleres Alemás*. Cos seus discursos, actividades, peticións ao goberno, e as contribucións das súas publicacións, avivouse o movemento dos dereitos da muller neste país.

«A historia de todos os tempos, e a de hoxe especialmente, ensínanos que... as mulleres serán esquecidas se elas se esquecen de pensar en si mesmas».

A loita pola igualdade

Desposuídas dos seus dereitos, as mulleres centraron todos os seus esforzos na reivindicación do dereito á educación e á igualdade xurídica.

Nese contexto xorde a **Declaración de Séneca Falls** (1848), na que as mulleres reclaman para si os mesmos dereitos recoñecidos na Declaración da independencia (1776) para os homes e na que a reclamación do dereito ao voto non se adoptou por unanimidade.

Anos máis tarde, en 1869, publicáronse dúas obras fundamentais: *A muller do porvir*, de **Concepción Arenal Ponte**, e *A escravitude da muller*, de Stuart Mill e Harriet Taylor Mill.

Finalmente, o dereito ao voto pasou a ser o principal obxectivo do feminismo, actividade na que salientaron **Millicent Garret Fawcett** e **Emmeline Pankhurst**.



Mulleres sufragistas manifestándose polas rúas de Londres en 1911

Lucretia Mott (1793 - 1870)



O seu interese polos dereitos da muller iniciouse cando descubriu que os seus compañeiros profesores recibían o dobre de soldo que as profesoras. Pertencente á confesión protestante cuáquera, defensora da igualdade dos seres humanos, opúxose á escravitude e foi membro activo da *Sociedade Americana contra a Escravitude*. En 1840 viaxou como delegada á Convención Mundial en contra da Escravitude que se celebrou en Londres. Furiosa, ao igual

que

Elizabeth Cady Stanton, ao serlles negado o dereito a falar, resolveu organizar á súa volta aos Estados Unidos unha sociedade que defendese os dereitos da muller. Oito anos máis tarde celebraríase a **Convención sobre os Dereitos da Muller en Seneca Falls**. Xunto a **Elizabeth Cady Stanton** e **Lucy Stone** creou en 1866 a *Asociación Americana pola Igualdade de Dereitos*. Ao ano seguinte, a organización iniciou as súas actividades en Kansas, onde se ía decidir por votación a concesión do sufraxio aos negros e ás mulleres. En 1850 publicou *Tratado sobre as Mulleres*, no que denuncia as restricións educativas, económicas e políticas que sufrían daquela as mulleres. Foi famosa polos seus convincentes discursos.

Lucy Stone (1818 - 1893)

Contra os costumes da época foi á Universidade onde se graduou. Traballou como profesora na Sociedade Americana Abolicionista. Cando casou con Henry Blackwell, prometeron ter dereitos absolutamente iguais no seu matrimonio. En protesta contra as leis discriminatorias, non adoptou a norma social que a obrigaba a adoptar o apelido do seu esposo. Na súa voda leron o seguinte comunicado:



«Ao mesmo tempo que recoñecemos o noso mutuo afecto, adoptando publicamente o estado de marido e muller, queremos, con todo, ser consecuentes con nosoutros mesmos e cun gran principio, polo que consideramos un deber declarar que este acto non indica pola nosa banda que sancionemos, nin que prometamos obediencia voluntaria ás actuais leis do matrimonio, que rexeitan recoñecer á esposa coma un ser racional e independente, mentres lle outorgan ó marido unha superioridade insultante e antinatural, investíndose cuns poderes legais que ningún home honrado exercería e que ningún home debería posuír».

Elizabeth Cady Stanton (1815 - 1902)

Foi a principal representante do movemento sufragista estadounidense. Asistiu á Convención Antiescravista Mundial que se celebrou en Londres en 1840; decepcionada porque non a deixaron falar por ser muller, resolveu preparar xunto con **Lucretia Mott** unha convención en defensa dos dereitos da muller.

Produto de dita convención redactou ***A Declaración de Sentimentos de Seneca Falls***, onde se recolle unha exposición de desigualdades sociais, civís e relixiosas das mulleres, xunto coas demandas políticas do feminismo: reformas no matrimonio, dereito da muller á custodia dos seus fillos e fillas en caso de divorcio, dereito á propiedade, acceso á educación e a unha profesión, liberdade para organizarse e falar en público, dereito a prestar declaración contra o marido ante un tribunal por trato cruel, dereito da muller a exercer varios tipos de traballos e reter o seu soldo en lugar de entregarllo ao seu home, e - o máis controvertido nese tempo - o **dereito ao voto da muller**. Curiosamente, das doce resolucións esta foi a única que non foi votada por unanimidade.



Susan B. Anthony (1820 - 1906)



A loita de Susan polos dereitos da muller comezou en 1851, cando coñeceu a **Elizabeth Cady Stanton**. Ambas idearon campañas consistentes en marchas e reunións masivas, difusión de folletos e a presentación case anual dunha emenda constitucional a favor do sufraxio feminino no Congreso.

Coa adopción, en 1870, da 15ª Emenda declarábase o dereito de todos os cidadáns ao sufraxio, independentemente da súa "*raza, cor ou da súa condición*

anterior de escravos", pero as mulleres seguían sen poder votar. Contrariada por esta situación, dirixiu a un grupo de mulleres ás urnas, polo que foi arrestada. En 1873, novamente cometeu un acto de desobediencia civil ao intentar emitir o seu voto. Negóuselle o dereito a declarar no xuízo por ser muller e impúxoselle unha multa que se negou a pagar.

Fundou unha revista co nome de *Revolution* que tiña como obxectivo prioritario atallar os abusos na explotación económica das mulleres.

Josephine Butler (1828 - 1906)



Refomadora social británica do século XIX, centrou a súa loita na mellora das condicións para as mulleres na educación e na saúde pública. Casada con George Butler, tivo catro fillos e foi coa morte da súa filla de seis anos, cando nun intento por superar a súa su pena, iniciou a loita polos dereitos e a igualdade das

mulleres. Comeza a rescatar a mozas da rúa e a denunciar a prostitución, sobre todo a infantil.

En 1869 pronunciase en contra das medidas aprobadas polo goberno para previr as enfermidades venéreas, que consistían en deter ás mulleres sospeitosas de ser prostitutas para evitar os contaxios. Viaxou por todo o país denunciando estes feitos e falando de sexualidade, o que conmoveu á sociedade británica, pouco afeita a que unha muller falase en público destes temas.

No campo da educación conseguiu que a Universidade de Cambridge permitise o acceso das mulleres a unha educación superior.

Emmeline Pankhurst (1858 - 1928)

Sufraxista británica fundadora da *Unión Social e Política de Mulleres*, as súas afiliadas serían coñecidas como as "suffragettes".

Cansada da ausencia de resultados da estratexia moderada recorreu a tácticas violentas como a sabotaxe, o incendio de comercios e establecementos públicos, ou ás agresións aos domicilios privados de destacados políticos e membros do Parlamento. As súas actividades foron adquirindo un ton cada vez máis agresivo, radical, polo que foi arrestada e encarcerada en varias ocasións. En protesta realizou varias folgas de fame ás que a Administración respondeu coa brutal alimentación forzada.

Faleceu en Londres o 14 de xuño de 1928, poucas semanas despois de que se lles outorgase o dereito ao voto ás mulleres.



Millicent Garret Fawcet (1847 - 1929)

Representante do movemento sufragista británico moderado foi a fundadora da Unión Nacional de Sociedades do Sufraxio Feminino, asociación que no 1914, contaba con máis de 100.000 afiliadas. Ao contrario que **Emmeline Pankhurst**, líder do sector radical das “*suffragettes*”, centrou o seu labor na propaganda política, na convocatoria de mitins e nas campañas de concienciación, seguindo sempre a vía da orde e da legalidade.



*«**N**ós queremos demostrar que podemos avanzar ou conseguir a liberdade humana á que aspiramos sen empregar violencia ningunha. Fomos decepcionadas nesta ambición pero aínda podemos darlles ás nosas almas o consolo de que a violencia rexistrada non foi alarmante e de que as máis feras das sufragistas están máis preparadas para sufrir dano que para inflixilo».*

As mulleres socialistas




Marcha de mulleres polas rúas de Nova York logo dos sucesos da Triangle factory en marzo de 1911

As obreiras dos países industrializados botáronse á rúa, na defensa dos seus dereitos laborais, nas primeiras décadas do século XX. Porén, as súas reivindicacións tiveron un importante carácter de clase; así, mobilizáronse baixo lemas tan ilustrativos como “**Pan, paz e república**” ou “**Pan e rosas**”.

Nese contexto de loita, mulleres como **Clara Zetkin** e **Alexandra Kollontai**, salientaron na defensa dos dereitos políticos, sociais e económicos das mulleres traballadoras, alentando a fundación da Internacional Socialista de Mulleres en 1910 e logo, en 1919, da Internacional Comunista de Mulleres.

Así mesmo, outra muller, **Rosa Luxemburgo**, salientou como unha das principais teóricas da revolución socialista, xunto con Lenin, Gramsci e Trostki.

Clara Zetkin (1857 - 1933)



A filiada dende 1878 no Partido Socialdemócrata Alemán (SPD), tivo que exiliarse durante varios anos a Suíza. En 1892, de novo en Alemaña, funda o grupo de mulleres do SPD e a revista *A Igualdade*, o órgano das mulleres socialistas alemanas.

No 1910 propuxo a celebración dun Día Internacional da Muller, que anos máis tarde se concretou no 8 de Marzo, como unha xornada de loita pola igualdade.

No Congreso Socialista de Stuttgart (1907) salientou pola súa defensa da paz e logo do inicio da I Guerra Mundial organizou a Conferencia de Mulleres de Berna (1915), na que se denunciou o carácter imperialista da guerra, motivo polo que foi encarcerada. En 1918 fundou, xunto con **Rosa Luxemburgo**, o Partido Comunista Alemán, ao que representou no Reichstag dende 1920 ate 1933, data que coincide co acceso de Hitler ao poder.

Ainda que non salienta pola súa obra teórica, foi internacionalmente recoñecida polo seu activismo político a prol da igualdade de xéneros, da emancipación da clase traballadora e da paz no mundo e en contra do fascismo, que denunciou activamente dende 1920.

Alexandra Kollontai (1872 - 1952)

Natural de San Petersburgo, axiña se trasladou a Zúric, onde tomou contacto co núcleo de marxistas rusos exiliados en Suíza; de regreso a Rusia, afíliouse en 1899 no Partido Socialdemócrata Obrero Ruso, pero a súa actividade política logo da Revolución de 1905 obrigouna a exiliarse en diferentes países de Europa.

Opúxose á I Guerra Mundial, que denunciou na obra *¿A quen beneficia a guerra?* (1916) e foi unha das organizadoras da Conferencia de Zimmerwald (1915), na que se estableceu a nova estratexia da esquerda revolucionaria.

Foi unha das principais protagonistas da Revolución Rusa de 1917, chegando a ser a Comisaria do Pobo para Asuntos Sociais no primeiro goberno soviético, impulsando políticas que garantisen a igualdade política, económica e sexual entre homes e mulleres e a creación do grupo de mulleres do Partido.

Ao seu activismo político cómpre engadir unha importante actividade teórica no eido do socialismo e da emancipación sexual da muller en obras como: *Os fundamentos sociais da cuestión feminina* (1909) ou *Autobiografía dunha muller sexualmente emancipada* (1926).



Rosa Luxemburgo (1871 - 1919)



Polaca de nacemento, fundou o Partido Socialista de Polonia e Lituania. En 1898, instalada xa en Berlín, ingresa no Partido Socialdemócrata Alemán (SPD); en 1900, coa publicación de *Reforma ou revolución*, ponse á fronte da facción de esquerda do SPD ao oporse ao reformista Bernstein.

En 1906, logo da revolución rusa de 1905, escribe *Folga de masas*, no que presenta unha alternativa ao partido de vangarda leninista. Para o momento en que estoupa a I guerra mundial, xa salientara como unha das máis lúcidas analistas do imperialismo co libro *A acumulación de capital* (1913) e do internacionalismo revolucionario, criticando a alianza da socialdemocracia cos partidos burgueses no *Panfleto Iunius* (1915).

En 1915, logo de abandonar o SPD, funda, xunto con **Clara Zetkin** e Liebknecht, a liga espartaquista, que en 1918 se transforma en Partido Comunista Alemán, do que é autora do seu programa político.

No transcurso da revolución espartaquista alemana posterior á revolución de 1918, foi detida e brutalmente asasinada o 15 de xaneiro de 1919.

Ana María Mozzoni (1837 - 1920)

Activista que trala unificación de Italia funda *A liga para a promoción dos dereitos das mulleres*, asociación coa que comezou a súa ofensiva feminista, centrándose na petición de reformas legais para a igualdade de oportunidades educativas e do traballo. En 1878 representaba ao seu país no Congreso Internacional sobre os dereitos das mulleres en París.



En 1877 presentou unha petición no parlamento solicitando o voto para a muller, reforma que foi discutida vinte veces entre 1863 e 1918. Non se conseguiu ata despois da II Guerra Mundial.

En 1892 deuse conta de que a única esperanza das mulleres estaba no socialismo, e integrouse no Partido dos Traballadores Italianos que daría lugar pouco despois ao Partido Socialista, do cal foi unha das fundadoras. Aínda así, tivo enfrontamentos cos seus colegas masculinos pola súa actitude de cara a petición do sufraxio feminino.

O 8 de Marzo

En 1910, no transcurso dunha conferencia de mulleres socialistas, **Clara Zetkin** propuxo a celebración dun Día Internacional da Muller.

A partir dese momento, ese día celebrouse en diferentes datas e lugares.



Clara Zetkin e Alexandra Kollontai nun congreso da Internacional Comunista

O día 23 de febreiro de 1917 as traballadoras de Petrogrado botábanse ás rúas en demanda de **Pan, paz e república**: era o comezo da Revolución Rusa.

Anos máis tarde, Lenin, recoñecendo o papel das mulleres na Revolución, declarou o 8 de Marzo Día da Muller Traballadora.



Manifestación das traballadoras de Petrogrado o 23 de febreiro de 1917 (8 de marzo)

As mulleres en España



Mulleres votando en 1933

Coincidindo co Sexenio revolucionario **Concepción Arenal** publicou, en 1869, o seu principal ensaio feminista: *A muller do porvir*. Nos anos seguintes, baixo a Restauración, organizáanse os primeiros grupos de mulleres que loitan pola igualdade de dereitos.

A Constitución republicana de 1931, recoñece o dereito ao voto e á participación política das mulleres: **Clara Campoamor**, **Margarita Nelken**, **Dolores Ibárruri**, **Federica Montseny**, son algunhas das pioneiras na política española.

Durante a Guerra Civil e durante o franquismo, as mulleres salientaron na loita pola legalidade republicana e as liberdades políticas, sendo ese o caso de **Enriqueta Otero** e **Isabel Ríos**.

A Constitución monárquica de 1978 establece a igualdade de dereitos, sendo neste momento cando as mulleres adquiren unha maior presenza no eido político, científico, educativo e laboral.



Manifestación en contra da violencia de xénero en Compostela

Mariana Pineda Muñoz (1804 - 1831)



Natural de Granada, a súa vida e a súa personalidade convertérona no símbolo da loita pola liberdade. Nun período da historia de España, de conflitos entre absolutistas e liberais, Mariana servía de enlace entre os presos e as súas familias, xestionaba mellores condicións para os cárceres e tramitaba escritos en solicitude de indultos, polo que a súa casa se converteu nun centro clandestino de amparo e axuda para os liberais.

Foi arrestada, pero negouse a confesar e a delatar aos seus compañeiros e compañeiras, e, a falta de indicios claros, foi posta en liberdade. Sufriu o constante acoso do xuíz Pedrosa, ben porque estaba namorado dela e o rexeitou, ben pola consternación que lle producía que unha muller encabezase un movemento político de protesta. A proba incriminatoria de Mariana sería unha bandeira co lema bordado “**Igualdade, Liberdade e Lei**”.

Todo o seu proceso foi un cúmulo de ilegalidades e incumprimentos das escasas garantías xurídicas sobre as que se sustentaba o poder, foi executada mediante o método do garrote vil cando aínda non fixera os 27 anos. Ao mesmo tempo, foi queimada ante os seus ollos a bandeira causante da súa detención.

Concepción Arenal Ponte (1820 - 1893)

Naceu en Ferrol pero trala morte do seu pai, trasladouse a Madrid coa súa nai e unha irmá. En 1842, vestida de home, participou en tertulias políticas e literarias, e comezou a carreira de Dereito na Universidade Complutense de Madrid.



Concepción dedicou a súa vida á denuncia de situacións desfavorecidas, sempre relacionadas coa muller e a súa calidade de vida nas institucións públicas. A súa actitude combativa manifestouse no activismo e na obra literaria. Un dos seus aspectos máis progresistas é a consideración da muller como ser humano marxinado a quen hai que educar na dignidade da súa propia condición.

Foi inspectora de correccionais de mulleres, e foi a primeira muller nomeada Visitadora de Prisións de Mulleres. Loitou por mellorar a vida dos detidos (homes e mulleres), dos pacientes psiquiátricos e dos nenos e nenas nos hospicios, denunciando a súa vida miserable en numerosas publicacións e libros de poesía e ensaio. Creou a "Construtora Benéfica", para a construción de casas para os obreiros e obreiras, e colaborou organizando a Cruz Vermella do Socorro.

Emilia Pardo Bazán (1851 - 1921)



Nada na Coruña nunha familia nobre, recibiu unha educación esmerada, falaba tres idiomas e tivo unha vida cosmopolita. Foi a primeira muller que obtivo unha cátedra de literatura na Universidade de Madrid e que presidiu a sección de literatura do Ateneo. Considerada unha das escritoras españolas máis eminentes do século XIX, escribiu máis de 500 obras de diferentes xéneros literarios, aínda que é máis coñecida coma novelista.

A condesa de Pardo Bazán ademais, foi unha das primeiras feministas da época. A súa maior crítica era que a sociedade tiña proclamados os dereitos dos homes, pero non os das mulleres. Publicou numerosos artigos dentro e fóra do país nos que denunciaba o sexismo predominante en España e propuxo cambios no ámbito social e civil a favor da muller, empezando pola posibilidade dunha educación semellante á que recibía o home. Nunca cedeu na súa posición, e loitou toda a vida polos dereitos das mulleres, particularmente, da muller académica.

Carmen Burgos Seguí (1867 - 1931)

Foi a primeira redactora de xornal en España, asinaba os seus escritos co pseudónimo de *Colombine*; como primeira muller correspondente de guerra cubriu a traxedia de Marrocos. Dedicou os seus esforzos ao levantamento moral da muller, e dúas das súas conferencias deron a volta a España, *A misión social da muller*, e sobre todo, *A muller en España*.



Publicou novelas como *Puñais de sangue*, na que reafirma os seus principios feministas: a necesidade de atoparlle unha saída auténtica, lonxe de tanto falso prexuízo, á muller española.

Os conservadores criticaban as súas pretensións de igualdade cos homes. Muller libre, desafiou á sociedade, coa súa conduta de costas aos convencionalismo imperantes. Antimonárquica apaixonada, loitou pola República e defendeu ardentemente o voto para a muller, xunto con **Clara Campoamor** e outras defensoras dos máis elementais dereitos femininos.

Teresa Claramunt i Creus (1862 - 1931)



Foi quizais a primeira revolucionaria española do século XIX. Anarcosindicalista, unha das militantes fundamentais do movemento libertario español. Traballou no téxtil e defendeu sen concesións os dereitos das traballadoras explotadas. Pasou longas tempadas no cárcere e estivo exiliada en Francia e no Reino Unido. Líder da folga téxtil de 1902, foi por iso desterrada a Zaragoza.

En 1903 publicou *A muller, consideracións sobre o seu estado ante as prerrogativas do home*, nesta obra lemos reflexións como: «A principal causa do atraso da muller está no absurdo principio da superioridade que o home se atribúe. Sobre esta base falsa constitúese a sociedade actual; e é por iso que os resultados forzosamente tiñan que ser contrarios a todo ben común».

A súa vida estivo plenamente dedicada á loita por conseguir unha sociedade mellor, máis libre, xusta e solidaria, investindo os maiores esforzos en conseguir a emancipación dos traballadores e traballadoras e das mulleres.

Zenobia Camprubí Aymar (1887 - 1956)

Muller culta, políglota, desenvolta e moderna, aos 15 anos xa publicara o seu primeiro relato, *Malgrat*. Foi unha estudosa do poeta Rabindranath Tagore que traduciu ao castelán. Pertenceu ao *Lyceum Club Feminino* da Institución Libre de Ensinanza, xunto a **Victoria Kent**, desde o que reivindicou constantemente unha maior presenza da muller en todos os ámbitos da sociedade. Entre as súas moitas iniciativas de tipo humanitario, destacaron varias campañas a favor dos nenos españois vítimas da Guerra Civil, realizadas desde a súa residencia en Nova York.



Dende o momento do seu casamento co poeta Juan Ramón Jiménez, abandonou a súa prometedora actividade literaria e dedicouse a apoiar sen reservas a obra do seu home. Fixo de ama de casa, secretaria, axente e tradutora, ademais de poñerse á fronte de pequenos negocios familiares que compensaran os problemas económicos da familia. En 1956, concédeselle ao poeta o Nobel de literatura e só tres días despois falecía Zenobia, gravemente enferma de cancro.

María Lejárraga García (1875 - 1974)



Foi ensaísta, feminista, socialista e unha das primeiras deputadas durante a República. María escribiu practicamente todas as obras que asinaba como propias o seu home, Gregorio Martínez Sierra, grazas a ela recoñecido como un famoso dramaturgo español de principios do século XX.

Pouco antes de ser nomeada deputada, María empezou a dar charlas feministas. Tamén era a Presidenta da Asociación da Educación Cívica, que tiña como obxectivo principal espertar ás mulleres pertencentes á clase media.

Foi elixida deputada en novembro do 1933 por Granada. No mes de novembro do 1936 era desinada na Delegación de Berna. No outono do 1937, María faise cargo dunha colonia de nenos e nenas evacuadas de España. Ao rematar a guerra comeza un longo exilio ata que morre en Bos Aires no 1974.

Victoria Kent Siano (1892 - 1987)

Avogada e política, foi unha das españolas máis sobresaíntes do século XX. Nomeada directora xeral de prisións durante a II República, comezou a reforma das duras e inhumanas condicións penitenciarias.

Deulles aos reclusos e reclusas liberdade de culto, o permiso de ler a prensa se non estaban incomunicados, incrementou a súa ración diaria e retirou dos cárceres todas as cadeas e grillóns.



Autorizou ao funcionariado a facer públicas as súas reivindicacións nos periódicos, creou a sección feminina auxiliar do Corpo de Prisións, prohibiu que os presos e presas fosen trasladados a pé aos seus novos destinos, indultou aos penados e penadas de máis de setenta anos, fundou o instituto de Estudos Penais, estableceu os permisos de saída temporais e as visitas conxugais.

Foi deputada polo Partido Radical Socialista. Evacuou nenos e nenas durante a Guerra Civil, a México, e morreu no exilio en Nova York.

Clara Campoamor Rodríguez (1888 - 1972)



Foi unha das impulsoras do movemento feminista e sufragista en España, e unha das primeiras deputadas das Cortes da II República. Licenciouse en Dereito, e centrou o seu labor na defensa da igualdade de dereitos da muller, como a non discriminación por razón de sexo, a igualdade legal dos fillos e fillas nadas dentro e fora do matrimonio, a primeira lei de divorcio, e sobre todo, o dereito de voto da muller.

Co seu labor no Parlamento conseguiu que a Constitución de 1931 incluíse a seguinte declaración *«Os cidadáns de un e outro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis»*.

Paradoxicamente, nas seguintes eleccións, xa co voto feminino, gañou a dereita, e as deputadas de esquerda perderon os seus escanos. Moitos quixeron ver relación directa entre ámbolos feitos, e Clara foi apartada da política como castigo por ter impulsado o sufraxio feminino.

En 1936, tras o golpe militar, partiu para o exilio. Varias veces tratou de volver, pero as autoridades franquistas non llo permitiron e morreu en Suíza.

Margarita Nelken Mausberger (1896 - 1968)

Pensadora e política de orixe alemá, naceu en Madrid, no seo dunha familia emigrante xudía. Marchou estudar a París, e moi pronto colaborou como crítica de arte en revistas e periódicos especializados de varios países.

No ano 1919 publicou *A Condición social da Muller*, libro no que se recollía o seu pensamento sobre a situación da muller española: a súa explotación, a súa ignorancia, a desigualdade social, a falla de educación sexual, a problemática dos fillos e fillas ilexítimos. A súa obra chocou coa moral imperante e coa Igrexa Católica, que a atacou duramente.

Afiliada dende moi nova ao Partido Socialista, en 1931 converteuse en deputada da II República, e repetiu nos anos 1933 e 1936. Defendeu ao campesiñado na reforma agraria e atacou duramente aos grandes terratenentes. En 1934 fíxose membro do Comité de Mulleres contra o Fascismo, e no 1936, en plena Guerra Civil afiliouse ao Partido Comunista.

Trala derrota do exército republicano no 1939, exiliouse a México.



María de Maeztu Whitney (1881 - 1948)



Auténtica pioneira da pedagogía moderna e da liberación da muller en España. Entre as reformas do ensino que preconizaba achábanse: as clases ao aire libre, a non memorización, cantinas e colonias escolares de verán e unha educación laica. Un dos seus coñecidos principios pedagóxicos era: *«É verdade o dito antigo de que a letra con sangue entra, pero non ha de ser co sangue do neno, senón co do mestre»*.

En 1915 funda a Residencia Internacional de Señoritas, primeiro centro oficial de carácter universitario que se organiza para a muller en España, en estreita colaboración coa Institución Libre de Ensinanza. Muller de grande elocuencia foi requirida por universidades europeas e americanas para ditar cursos e pronunciar conferencias. Representou, así mesmo, á muller española en varios congresos internacionais. En liña coa súa militancia feminista fundou, e presidiu tamén desde 1926, o Lyceum Club Feminino que tiña como obxectivo fomentar o espírito colectivo das mulleres e ser un lugar aberto ás casadas que non querían ter como único horizonte as catro paredes do fogar.

Federica Montseny Mañé (1905 - 1994)



Filla de anarquistas cataláns, naceu en Madrid, estudou na Universidade de Barcelona e colaborou dende moi nova en publicacións anarquistas, non por herdanza familiar senón porque eran as súas ideas. En 1923 afiliouse ao sindicato anarquista (CNT). Como teórica contribuíu a renovar o ideario anarquista, defendendo a

absoluta e completa liberdade individual, e a supresión do Estado e da propiedade privada dos bens de produción.

Política e gran oradora, foi nomeada Ministra de Sanidade e Asistencia Social en plena Guerra Civil (de novembro 1936 ata maio 1937); no Ministerio intentou aplicar as súas ideas en defensa da autonomía das mulleres e o dereito a súa liberdade: promulgou unha lei do aborto e creou centros de atención ás prostitutas, intentou coordinar a evacuación de refuxiados e as urxencias hospitalarias.

Como escritora publicou moitos libros, novelas e artigos, nos cales defendeu as súas ideas anarquistas e libertarias, o dereito da muller ao seu destino.

Ao rematar a Guerra Civil (1939) exiliouse en Francia, onde residiu ata súa morte.

Dolores Ibárruri Gómez (1895 - 1989)

“Pasionaria”



Dende os anos trinta do século XX exerceu cargos na dirección do Partido Comunista de España (PCE), partido do que foi durante varias décadas secretaria xeral e presidenta, feito que a converteu nunha das mulleres máis carismáticas da historia europea.

A súa intensa actividade política durante a revolución de Asturias (1934) levárona a prisión e, ao mesmo tempo, fixeron dela un referente da esquerda revolucionaria española e unha das deputadas máis respectadas polo pobo. Cando as armas dos fascistas se alzaron contra o pobo, ergueuse como unha das principais opositoras ao fascismo, despregando unha intensa actividade na fronte, nas rúas... seu é o lema *¡No pasarán!*, proclamado durante a defensa de Madrid, que forma parte do imaxinario colectivo da humanidade.

Ao rematar a guerra civil, exilouse na URSS, onde permaneceu ata a morte de Franco, momento no que regresou a España, onde, á fronte do PCE, foi elexida deputada por Asturias en 1977. Morreu en Madrid, sendo presidenta do PCE.

Enriqueta Otero Blanco (1910 - 1989)



Durante a Guerra Civil incorporouse á fronte de Madrid como enfermeira, despois convértese en miliciana da cultura, unha das apostas do exército republicano para alfabetizar á maioría dos soldados. Ao remate da guerra volve a Galiza onde se unirá aos maquis, comezando a súa etapa de sete anos de guerrilleira.

No ano 46 é detida e sofre un consello de guerra, a pena de morte foille conmutada por trinta anos de cadea e a partir de aquí inicia un percorrido terrorífico polos cárceres franquistas. Nos anos 60 chega a Lugo e participa na reorganización do PCE; en Casterverde, a súa vila natal, ela mesma constrúe a súa casa, sen experiencia nin axuda ningunha.

Una vez rehabilitada como mestra, e ata pouco antes de falecer impulsou varios proxectos e asociacións, axudou a rehabilitar escolas, fundou a asociación cultural *O Carriño* chamada por ela mesma Universidade Popular de Lugo. Outro proxecto seu, a *Casa da Muller de Miranda*, na que a propia Otero oficiou outra vez de albanel, era un centro para evitar a marxinación feminina e a caída na prostitución que, desgraciadamente, nunca chegou a funcionar.

Isabel Ríos Lazcano (1907 - 1997)


Organizou co seu home, Manuel Calvelo, a primeira célula do PCE de Curtis en 1934. Foi detida en agosto de 1936, despois de andar agochada varios días. Ferida de dous tiros de escopeta, foi levada ao Hospital de Santiago e despois ao cárcere. O seu home foi fusilado en decembro de 1936 e ela condenada a morte, pena que lle foi conmutada pola de reclusión perpetua.



Separada do servizo e con revisión de pena, durante sete anos estivo nos cárceres de Santiago, Saturrarán (Guipúscoa) e Betanzos, de onde saíu en liberdade condicional en 1943. Malia estar constantemente vixiada, reanudou a colaboración co Partido Comunista e organizou unha rede de apoio aos guerrilleiros e guerrilleiras.

En 1946 decidiu marchar a Arxentina, pola presión e vixilancia ás que estaba sometida. O seu regreso a España produciuse en 1975, reingresou no Ministerio de Facenda en 1977 e traballou algo máis dun ano ata a súa xubilación.

María Telo Núñez (1915)



Hai só 25 anos, en España, unha muller sen o permiso expreso de seu home, non podía traballar, nin cobrar salario, nin exercer o comercio, nin ocupar cargos, nin abrir contas bancarias, nin sacar o carné de conducir, nin sequera posuía personalidade xurídica propia.

Grazas ao traballo de persoas como María Telo púidose

conseguir unha reforma do Código Civil que anulou esta situación que relegaba ás mulleres a un estatus legal xurídico idéntico ao dos menores e os minusválidos psíquicos e que as obrigaba a obedecer ao marido por imperativo legal.

María Telo exerceu como avogada durante 40 anos, e creou diversas asociacións de mulleres xuristas. O seu activismo dirixiuse a conseguir unha reforma do Código Civil, e, nunha época difícil como era a etapa franquista, conseguiu elevar a petición de revisión destas leis ata o Ministerio de Xustiza. Co seu traballo conseguiu anular a licenza marital e todos os recortes de liberdades das mulleres previstos no Código Civil, colocándoas nun plano de igualdade legal cos maridos. Na actualidade, xa retirada, vive en Madrid.

Feminidade fronte a feminismo



Coco Chanel, prototipo da muller liberada

Unha vez realizadas algunhas importantes conquistas políticas e sociais, a burguesía masculina iniciou unha contraofensiva contra a muller que tiña por obxecto principal limitar o alcance das conquistas recentemente adquiridas.

Nesta estratexia de resometemento da muller, foron imprescindibles dous novos elementos: o cinema e a publicidade, que serviron para difundir o novo modelo de sociedade.



Audrey Hepburn, protagonista de My fair lady (1964)

Fronte a este novo modelo da feminidade salientaron dúas feministas: **Simone de Beauvoir e Betty Friedan.**



Beauvoir nun coloquio feminista en 1972

Simone de Beauvoir (1908 - 1986)

Autora d' *O segundo sexo* (1949) o ensaio feminista máis importante do século XX. No que, dende unha perspectiva histórica, social e filosófica, a condición das mulleres nas sociedades occidentais. Desta obra vendéronse 22.000 exemplares nunha semana, Simone de Beauvoir alcanzou con ela unha enorme popularidade. Este libro marca un antes e un despois na historia do feminismo. A súa vixencia débese sobre todo á amplitude coa que Beauvoir se enfrontou ao texto, á súa concepción igualitaria dos seres humanos e á análise totalizadora que realiza da concepción feminina en Occidente.



Nos anos 50 e 60, Simone de Beauvoir e Jean-Paul Sartre convertéronse nos embaixadores intelectuais da esquerda, nunha das parellas públicas que gozaba de maior popularidade, non só en Francia senón no mundo enteiro. A súa postura política radical, os seus artigos, as súas conferencias, as súas viaxes e o seu apoio incondicional ás causas xustas contribuíron diariamente a acrecentar a súa imaxe de intelectuais comprometidos.

Betty Friedan (1921 - 2006)



Nada en Illinois, foi unha escritora feminista e activista, coñecida por dar comezo ao que se coñece pola “segunda xeración” do feminismo co seu libro *A mística da feminidade* (1963).

A aseveración da autora de que ter un marido e ser nai non era todo ao que as mulleres deben aspirar, senón que tamén precisan desenvolverse individualmente, foi sumamente inusual, por non dicir revolucionaria.

Nos anos 60 e 70, cando predominaron fortes tensións raciais, políticas e sexuais, Friedan foi unha das voces máis importantes do movemento feminista.

Como fundadora e primeira presidenta da Organización Nacional para as Mulleres en 1966, defendeu posturas en torno ao aborto, salarios iguais para homes e mulleres e permiso de maternidade que parecían ser extremas daquela.

As últimas conquistas

Na década dos setenta o movemento feminista asumiu un novo reto: subverter a orde normativa e moral vixente.



Muller investigando nun laboratorio

Na actualidade, grazas ao esforzo do movemento feminista, a muller está presente na educación e na ciencia, no ámbito político e no mundo laboral.

Porén, malia eses significativos avances, aínda queda un gran reto: eliminar a desigualdade salarial no eido laboral e reducir as enormes taxas de pobreza e marxinación que afectan sobre todo ás mulleres.



A pobreza ten rostro feminino

Indira Gandhi (1917 - 1984)

Indira Gandhi naceu no seo dunha familia moi poderosa na India; o seu pai, Nehru, foi o primeiro ministro que tivo a India ao lograr a independencia de Gran Bretaña, no ano 1947. Dotada dunha gran educación e cultura, era unha muller enérxica e gran oradora.



Afiliouse aos 21 anos ao Partido do Congreso, que loitaba pola independencia da India, participando activamente nesta loita; foi asesora no goberno do seu pai, presidenta do seu partido, e no ano 1966 foi elixida polo Parlamento Xefa do Goberno da India.

Gobernou en dous períodos: de 1966 ata 1977, ano no que perdeu as eleccións, pero volveu gañalas en 1980, e gobernou ata 1984, cando morreu asasinada.

Traballou na industrialización da India, que acadou un certo crecemento económico estable provocando a desaparición das hambrunas. Fixo entrar ao seu país no “club nuclear”, asinou acordos coa antiga Unión Soviética, e desenvolveu unha política de afastamento dos dous bloques que dominaban o mundo. Aplicou políticas de control de natalidade, e buscou a integración étnica e relixiosa da India.

Rosa Louise Parks (1913 - 2005)



O seu nome aparece ligado ao do Movemento polos Dereitos Cívís nos Estados Unidos. En decembro de 1955 a costureira negra Rosa Parks, que viaxaba nun autobús en Montgomery (Alabama), negouse a ceder o seu asento a un branco. O condutor recriminoua, e ameazouna con denunciála, ao que ela respondeu *"Podería facelo"*. Aínda que o seu non parece un acto heróico, en realidade demostrou moito valor, e foi o inicio dun gran cambio na sociedade americana.

Rosa provocou coa súa detención que Martin Luther King (aínda relativamente descoñecido) iniciara un boicot contra os autobuses públicos. Foi un éxito; durou 382 días, e conseguiu que o caso fose coñecido no mundo enteiro. As protestas continuaron e foron aumentando o seu ton, ata que o caso chegou ao Tribunal Supremo dos Estados Unidos, quen declarou por vez primeira anticonstitucional a segregación racial nos transportes.

Continuou loitando durante toda a súa vida contra o racismo, e o seu labor foille recoñecido con moitos premios. O último, ser a primeira muller enterrada na Rotonda do Capitolio, en Wáshington.

Benazir Bhutto (1953)

Benazir Bhutto foi a primeira muller elixida democraticamente para gobernar un país musulmán.

Nada en Karachi (Paquistán) recibiu unha coidada educación no Reino Unido e nos Estados Unidos, e obtivo licenciaturas en Filosofía, Ciencias Políticas e Economía. Xa de volta no seu país, seu pai, o presidente Zulfikar Ali Bhutto foi derrocado por un golpe militar e executado en 1977.



Benazir comezou a sufrir persecucións políticas que a levaron á cadea en varias ocasións, e ao exilio en Londres.

En 1988 puido presentarse ás primeiras eleccións democráticas do seu país tralo golpe militar, como representante do Partido do Pobo Paquistaní, de tendencia socialdemócrata. A súa vitoria supúxolle ser elixida Primeira Ministra, manténdose no goberno de xeito intermitente ata 1996. Na actualidade vive en Dubai (Emiratos Árabes).

Shirin Ebadi (1947)



Avogada e activista polos dereitos humanos iraniana, graduouse en Dereito pola Universidade de Teherán e, entre 1975 e 1979, foi presidenta da Corte de Teherán, ademais de converterse nunha das primeiras xuízas de Irán.

Despois da revolución de 1979, foi obrigada a demitir; actualmente traballa como avogada e dá clases na Universidade de Teherán.

Como avogada, defendeu ás familias de escritores e intelectuais que foron asasinados nos anos 1999 e 2000 e traballou con éxito para identificar aos responsables do ataque á Universidade de Teherán no 1999, no que morreron varios estudantes. Como consecuencia desa actividade, foi encarcerada en numerosas ocasións.

Ebadi considera que ningunha sociedade merece chamarse civilizada ata que non se respecten os dereitos das mulleres e os dos nenos e nenas. Nunha era de violencia, sempre defendeu a non violencia. Fundadora e presidenta da Asociación de Apoio aos Dereitos da Infancia en Irán, escribiu numerosos libros académicos e artigos sobre os Dereitos Humanos. Foi a primeira cidadá iraniana galardoada co **Premio Nobel da Paz**.

Rigoberta Menchú (1959)



Activista dos dereitos humanos de Guatemala, naceu nunha familia campesiña da etnia indíxena maia-quiché. A súa infancia e a súa mocidade estiveron marcadas pola pobreza, a discriminación racial e a violenta represión coa que as clases dominantes guatemaltecas trataban de conter as aspiracións de xustiza social do campesiñado.

Varios membros da súa familia, incluída a súa nai, foron torturados e asasinados polos militares ou pola policía paralela dos “escuadróns da morte”. Mentres os seus irmáns optaron por unirse á guerrilla, ela iniciou unha campaña pacífica de denuncia do réxime guatemalteco, e da sistemática violación dos dereitos humanos do que era obxecto o campesiñado indíxena, sen outra ideoloxía que o cristianismo revolucionario da «teoloxía da liberación», engadíndolle a dimensión de denuncia da situación da muller indíxena en Hispanoamérica.

No 1992 recibiu o **Premio Nobel da Paz**, acaba de presentar a súa candidatura á Presidencia de Guatemala.

Aung San Suu Kyi (1945)

Aung San Suu Kyi é a figura emblemática da oposición birmana contra a ditadura militar que ocupa o poder dende 1962. Logo de diplomarse en Oxford, traballar na Secretaría das Nacións Unidas e ser profesora na India, regresou a Birmania no 1988, participando no “segundo combate a prol da independencia nacional”, para o que se inspirou no exemplo de Gandhi e na fe budista, que a levou a propugnar unha revolución do espírito que se manifesta mediante o recoñecemento da necesidade do diálogo e a compaixón polos máis humildes, insistindo na necesidade de reconciliar ás etnias do seu país, profundamente divididas.



No 1989 foi sometida a arresto domiciliario e asumiu a dirección da Liga Nacional para a Democracia, que gañou as eleccións de 1990 por clara maioría, uns resultados que as autoridades militares non aceptaron, polo que non formaron goberno. Recoñecida como prisioneira de conciencia por Amnistía Internacional, conseguiu co drama birmano non caese no esquecemento ao ser galardoada no 1991 co **Premio Nobel da Paz**. Sometida de novo a arresto domiciliario no 1996, a Xunta de goberno que se mantén no poder, animouna a exiliarse de novo, xogando co elemento da separación familiar, nun claro intento por desfacerse dela.

Wangari Maathai (1940)



Bióloga keniata, coñecida en Africa como “nai da defensa do medio ambiente”. Foi profesora na universidade de Nairobi, a pesar do escepticismo e a oposición dos estudantes varóns, foi a prisión en distintas ocasións e dende o 2002 é parlamentaria no seu país, tamén é ministra de Medio Ambiente, Recursos Naturais e Vida Salvaxe.

Maathai fundou en 1977 o movemento Green Belt (Cinto Verde), creado para frear a deforestación e conseguinte desertización do seu país, que plantou máis de 30 millóns de árbores. Este traballo é levado adiante maioritariamente por mulleres que ao recibiren unha paga por plantar árbores, teñen mellores posibilidades de atender aos seus fillos e fillas. Este movemento desenvolveuse ata converterse nun modelo de actuación en materia de reforestación, emancipación feminina e desobediencia civil.

Recibiu en 2004 o **premio Nobel da Paz** pola súa colaboración ao desenvolvemento sustentable, á democracia e á paz.

“Un bo entorno vital é absolutamente necesario para lograr a paz na terra”.

Susan George (1934)



Nacida nos Estados Unidos, estudou en París, onde se especializou na economía da fame.

Ao longo da súa carreira política ocupou a presidencia de importantes organismos altermundistas, como o Instituto Transnacional de Ámsterdam, ATTAC-Francia, Greenpeace ou o Observatorio da Mundialización.

Na súa abundante obra denuncia a raíz económica e

mercantil do proceso de globalización e defende un proceso de integración mundial baseado no equilibrio, o desenvolvemento sostido e a defensa da biodiversidade, así como o diálogo social e cultural como base do progreso dos pobos.

De todas as súas obras cómpre salientar *Informe Lugano* (1999), unha lúcida crítica á globalización capitalista na que presenta alternativas como a taxa Tobin e unha revisión profunda dos organismos financeiros internacionais, como o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial ou a Organización Mundial do Comercio. Con todo, tamén é autora de outros libros: *Outro mundo é posible se...* (2004) ou *Nós, pobos de Europa* (2005).

Angela Davis (1944)

Nacida no estado de Alabama (EE UU), ocupa un lugar destacado no movemento de liberación afroamericano a carón de persoeiros como Malcom X e Martin Luther King.

Activista revolucionaria, defendeu a igualdade de dereitos civís da poboación afroamericana e a emancipación do proletariado, polo que orientou a súa actividade política a lograr a unidade dos movementos sociais e políticos da poboación afroamericana, das mulleres e dos traballadores brancos, co obxectivo de combater á clase dominante. É militante do Partido Comunista dos EEUU dende 1968 e dende 1974 forma parte do seu Comité Central; tamén, estivo vinculada ao movemento dos Panteras Negras.

Así mesmo, é autora dunha intensa obra teórica, entre a que salientan os libros *Mulleres, raza e clase* (1981), *Mulleres, cultura e política* (1989) e *¿Están obsoletos os cárceres?* (2003), e académica, como profesora dos departamentos de Historia da Conciencia e de Estudos Afroamericanos e Feministas da Universidade de California.



Marta Harnecker Cerdá



Chilena de nacemento, marchou a Francia sendo moi nova, onde entrou en contacto con Althusser, de quen é unha das principais discípulas. Autora de numerosos libros, grazas a *Os conceptos elementais do materialismo histórico* (1969) converteuse no referente teórico para toda unha xeración de estudantes do mundo enteiro.

Na actualidade mantén unha gran actividade teórica, con libros como *Reconstruíndo a esquerda* (2006) ou *A esquerda despois de Seattle* (2002), nos que propón unha ferramenta teórica que nos permita construír o socialismo do século XXI; aínda que recoñece que «*non existe unha crítica ao capitalismo de hoxe como a que Marx fixo ao da súa época*».

Á súa actividade teórica cómpre engadir o seu activismo político, tanto na dirección do centro de investigación Memoria Popular Latinoamericana (MEPLA) de Cuba como no ministerio de Asuntos Sociais do goberno do presidente venezolano Hugo Chávez, sobre quen escribiu tamén varios libros, entre eles *Hugo Chávez Frías, un home, un pobo*. Tamén é autora de varias obras sobre a experiencia revolucionaria do pobo venezolano, como *Venezuela: militares xunto ao pobo* ou *Venezuela, unha revolución sui generis*.

Arundhati Roy (1961)

Nacida en Kerala (A India), Arundhati Roy é hoxe unha das figuras clave no activismo pola paz e o medio ambiente no seu país e en toda Asia. Seguramente imitou á nai, Mari Roy, no seu compromiso social, pois esta logrou unha lei a favor das mulleres á herdanza.

Estudou arquitectura e realizou moitos traballos antes de inclinarse pola escrita de guións cinematográficos, series de televisión e finalmente novela. En 1997 fíxose mundialmente famosa, ao gañar o premio Booker, o máis prestixioso do Reino Unido, coa novela *O deus das pequenas cousas*, traducida a máis de 40 idiomas. Ela que de nena sufrira discriminación por razóns de caste, fala neste libro de opresión de clase e do machismo na India.

Ultimamente, o seu activismo está centrado na loita medioambiental, concretamente nas presas que se están a facer no río Narmanda e que obrigan a realoxar a millóns de persoas. Así mesmo, inspirada nos tres mestres da non violencia (Gandhi, Martin Luther King e Nelson Mandela), liderou no seu país as grandes manifestacións do 2003 contra a guerra de Irak e a política norteamericana no mundo.



Naomi Klein (1970)



Nacida en Montreal (Canadá), recibiu unha ampla formación universitaria antes de salientar como unha destacada activista en contra da globalización capitalista.

É coñecida mundialmente grazas ao seu libro *No logo* (2000), no que denuncia a redución do espazo público en proveito das multinacionais, como Wal-Mart, Mac Donalds ou Nike, que impoñen un novo modelo de explotación laboral e de reprodución da miseria por medio das súas prácticas mercantís

e laborais agresivas.

Froito das súas investigacións publicou, tamén, *Valados e xanelas* (2002) e numerosos artigos xornalísticos en *The Nation* ou *The Guardian*, traducidos a numerosos idiomas.

Así mesmo, participou na realización do filme *A toma* (2006), sobre o fenómeno das empresas autoxestionadas polos traballadores arxentinos.

Simone Weil (1909 - 1943)

Filósofa social francesa, mística e activista política, os seus escritos influíron no pensamento social europeo. Foi unha nena precoz, en 1928 entrou na prestixiosa École Normale Supérieure, graduándose en 1931. Durante o período que impartiu clases converteuse nunha ardente activista social e desenvolveu unha importante actividade sindical. Convencida de que para comprender as loitas obreiras hai que compartir as condicións de vida do proletariado, abandonou o ensino e, de 1934 a 1935, foi obreira das fábricas Renault.



En 1936 uniuse ao movemento anarquista español durante a Guerra Civil, e traballou como cociñeira de campo. Pouco tempo despois, Weil tivo unha experiencia mística mentres escoitaba canto gregoriano. Abandonou a súa tradición relixiosa polo cristianismo, pero non se uniu a ningunha Igrexa organizada. Durante a II Guerra Mundial, a súa orixe xudía impediulle ensinar na Francia ocupada. Viaxou cos seus pais a Estados Unidos, pero pronto se trasladou a Inglaterra para colaborar coa Resistencia francesa. Morreu alí intentando subsistir coas mesmas racións que tiñan os seus compatriotas franceses baixo a ocupación alemá.

Hannah Arendt (1906 - 1975)



Hannah Arendt foi unha teórica política alemá. Filla de xudeus laicos, naceu en Linden (parte de Hanover) e medrou en Königsberg (cidade natal de Kant) e Berlín. Estudou filosofía na Universidade de Hamburgo con Martin Heidegger, con quen tivo unha longa relación romántica esporádica. Escribiu as súas teses de doutoramento en Heidelberg, sobre o concepto do amor en San Agustín, baixo a dirección do psiquiatra existencialista Karl Jaspers.

Dada a súa condición de xudía foi inhabilitada para ensinar en universidades alemás en 1933. Trasládouse a París, onde axudou a refuxiados e refuxiadas xudeus. Debido á II Guerra Mundial tivo que emigrar a USA. En 1940 casou en segundas nupcias co poeta e filósofo alemán Heinrich Blücher. En Nova York escribiu para o semanal Aufbau. Nos seus traballos trata sobre a natureza do poder e temas como a política, a autoridade e o totalitarismo e a Shoah. Escribiu *As Orixes do Totalitarismo*, onde investigou as orixes do comunismo e do fascismo.